

EUDI



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

TALLER DE RECICLAXE E CONSUMO RESPONSABLE

Formación e educación medioambiental para adultos
mediante unha actividade de ApS

Responsables: María José Abad López e Ana Isabel Ares Pernas

Curso: 2018/19

Escola Universitaria Deseño Industrial

OBXETIVOS E DESENVOLVEMENTO

O reto

Mellora da integración social de persoas sen fogar

Contextualización

15 estudantes de 4º curso da materia Deseño e Procesado con Polímeros do Grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto.

15 persoas do “Programa Sen Fogar” de Cáritas-Diocesana Mondoñedo- Ferrol

Lugar: Aulas do centro Gabriel Vázquez Seijas de Cáritas Ferrol



A acción do
servizo




A acción de
aprendizaxe
(competencias)

Os estudantes da UDC imparten un taller de reciclaxe de plásticos ca finalidade de:

- Mellorar a integración na sociedade dos usuarixs, fomentando un espazo para o coñecemento mutuo entre estudantes e usuarixs
- Mellora da autoestima e confianza neles mesmos dos usuarixs, fabricando obxectos con residuos
- Formación básica en reciclaxe de plásticos e aumento da educación medioambiental dos usuarixs.

- Aplicación de habilidades e coñecementos impartidos na materia
- Capacidade de deseño, redacción e dirección de proxectos en todas as fases
- Capacidade de organización, planificación, análise e síntese
- Traballar de forma colaborativa. Dinámicas de grupo e traballo en equipo
- Conciencia da realidade social e da utilidade para cambiala- Cidadanía responsable




CRONOGRAMA


Setembro	Selección dos alumnxs e formación dos equipos de traballo
Outubro-novembro	<p>Visita inicial ao centro de Caritas.</p> <p>Preparación dos materiais polo alumnado da UDC (presentacións, xogos, material audiovisual).</p> <p>Recollida de reflexións iniciais dos estudantes.</p> <p>Tutorización e seguimento dos traballos.</p> <p>Ensaio xeral do taller</p>
23 Novembro	<p>Desenvolvemento do taller nas intalacións do centro de Cáritas.</p> <p>Recollida de enquisas de satisfacción dos usuarixs, fotos, reflexións, etc.</p>
Decembro	<p>Recollida das reflexións finais dos estudantes, entidades e profesorado.</p> <p>Avaliación dos resultados da actividade e das competencias acadadas polos alumnxs, segundo a rúbrica.</p> <p>Posta en común (alumnxs-titoras) dos resultados obtidos.</p>

AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

RESULTADOS ENQUISAS ALUMNXS DA UDC



RESULTADOS ENQUISA USUARIXS CARITAS



POLOS DISTINTOS AXENTES

a) A entidade colaboradora

b) As profesoras da UDC

Tanto por parte da entidade coma por parte das profesoras da UDC, a avaliación é moi positiva. A representante de Cáritas destacou a xuntanza cos estudantes nunha xornada previa á data do taller e facer o taller no seu centro, o que mellorou a interacción entre usuarixs e estudantes. Despois da avaliación das titoras, podese destacar a implicación dos estudantes da UDC por promover a integración dos adultos en todas as actividades propostas, e a súa preocupación por adaptar os materiais o nivel dos ointes. Como punto feble, o taller executase nun tempo moi breve por lo que a interacción usuario-estudantes é curta, a pesares de incluír unha xornada previa de presentación.

c) Os usuarixs de Cáritas

d) O alumnado da UDC

A valoración por parte dos usuarixs de Cáritas e do alumnado da UDC foi moi positiva como se reflexa nos resultados das enquisas mostradas na esquerda.

AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

Reflexións finais dos estudantes da UDC

- ✓ “Os usuarixs estaban moi contentos, creo que tivemos un impacto positivo neles”
- ✓ “Non sabía que podía haber tanta xente en risco de exclusión social e sen fogar”
- ✓ “Creo que acadamos un ambiente de confianza necesario para que ninguén se sentise incómodo ou fora de lugar”
- ✓ “Non era consciente da realidade do problema e tiña moitas ideas preconcebidas”
- ✓ “Esta experiencia igualounos a todxs, demostrando que non somos tan diferentes”

POLOS DISTINTOS AXENTES

Reflexións finais dos usuarixs de Caritas

- ✓ “Encantoume, e impartido por xente nova que é o futuro”
- ✓ “Esta información deberíase dar a coñecer a todo o mundo. Excelente aprendizaxe”
- ✓ “O taller foi moi útil, debería darse a coñecer a tódalas persoas para facer un bo uso do reciclado”
- ✓ “Un 10 en todo”
- ✓ “Anímovos a continuar con este tipo de iniciativas”



CONCLUSIONS

- ✓ Os alumnxs da UDC adaptaron os conceptos tratados ao nivel de comprensión dos asistentes e en todo momento trataron de empatizar con eles.
- ✓ Os alumnxs demostraron acadar os obxetivos académicos, dada a calidade das presentacións que fixeron e o interese amosado durante toda a actividade
- ✓ Todos os axentes implicados mostraron a súa satisfacción coa actividade e o seu interese por repetir a experiencia.
- ✓ Academicamente, os alumnxs adquiriron os coñecementos da materia con maior facilidade que os seus compañeirxs, pola vantaxe que supón o aprendizaxe baseado na experiencia.
- ✓ A avaliación das competencias, tanto da materia como as transversais resulta máis doada porque se pode observar e avaliar ao alumnx e ao grupo durante todo o proceso.
- ✓ Os alumnxs, trala actividade, valoran a importancia que o seu traballo no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

